

COMITÉ DE ÉTICA ASISTENCIAL

Un dereito
Un compromiso



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Complejo Hospitalario Universitario
de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



Que é a ética asistencial?

A ética é un sistema de principios morais ou valores. A ética asistencial pretende achegar un proceso de estudo, debate e reflexión das situacións asistenciais en que exista algunha problemática ou sexa preciso escoller unha opción entre varias alternativas.



O Comité de Ética Asistencial do CHUS

O CHUS trata de ofrecerlles aos pacientes a mellor asistencia posible, non só dende o punto de vista técnico senón tamén dende o punto de vista humano, respectando os dereitos e plans vitais dos enfermos.

Ás veces poden aparecer problemas en relación coa súa asistencia ou co plan de tratamento. Nese intre, o doente, a súa familia ou algún membro do persoal asistencial poden recorrer ao Comité de Ética Asistencial para procurar asesoramento.

Que é o Comité?

Trátase dun grupo de asesoramento, tanto para os usuarios como os profesionais, formado por médicos/as, enfermeiros/as, traballadores/as sociais, avogados/as, psicólogos/as e outras persoas non relacionadas coa asistencia sanitaria.

O Comité analiza as situacións asistenciais que poden ser problemáticas dende o punto de vista ético, para tratar de axudar a resolvelas, achegando recomendacións non vinculantes.

Exemplos de problemas éticos

Aínda que hai moitas posibilidades, os seguintes son algúns dos máis frecuentes: confidencialidade, consentimento informado, decisións difíciles no principio e no final da vida, rexeitamento do tratamento, doazón de órganos, etc.



Cales son as funcións do Comité?

- Asesorar e emitir informes sobre as cuestións éticas relacionadas coa práctica clínica, co fin de mellorar a calidade da asistencia sanitaria e protexer os dereitos dos pacientes.
- Propoñer protocolos de actuación para as situacións en que poida haber conflitos éticos reiterados.
- Colaborar na formación bioética do persoal asistencial.

Cales non son funcións do Comité?

Non son funcións do comité, entre outras:

- Promover actuacións xurídicas ou propoñer sancións.
- Realizar xuízos sobre a ética profesional ou as condutas do persoal sanitario ou dos usuarios e usuarias.
- Asesorar nos supostos en que se presente unha reclamación xudicial ou administrativa.

Como poñerse en contacto co Comité?

Hai dúas maneiras de contactar co Comité de Ética Asistencial:

- Para usuarios/as do CHUS, a través do Servizo de Atención ao Paciente.
- Para o persoal sanitario, a través da Secretaría dos Comités Técnico-Sanitarios.